



Que é ULEGA?

ULEGA é a organización de produtores de leite de referencia en Galicia. Naceu en 2011 e foi a primeira organización de produtores de leite recoñecida oficialmente en España. Na actualidade representa máis de **1.687** produtores activos e máis de **730.000** toneladas anuais de leite.

ULEGA en Pontevedra



341

explotacións gandeiras



arredor do 40%

das granxas que entregan leite na provincia



9 concellos:

Agolada, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces



A quen se dirixe?

Principalmente ás persoas gandeiras en activo da provincia de Pontevedra. Tamén a mocidade interesada na incorporación á actividade agraria, mulleres do rural, alumnado de formación agraria, profesionais do sector e poboación xeral.

WEB



www.ulega.org

CORREO



oplulega@gmail.com

MÁIS INFORMACIÓN



981 530 500



Granxas con Futuro

Adaptación ao cambio climático no sector gandeiro da provincia de Pontevedra



Proxecto 2026 • duración: 7 meses

Un proxecto orientado a reforzar a resiliencia das explotacións gandeiras fronte á seca, ás ondas de calor, ás precipitacións intensas e aos cambios normativos e económicos ligados ao clima.





Por que nace este proxecto?

O cambio climático xa está a afectar de forma directa ás explotacións gandeiras da provincia de Pontevedra. A seca, as ondas de calor, as precipitacións intensas e o aumento dos custos de produción están a incrementar a vulnerabilidade das granxas e a dificultar a planificación a medio e longo prazo.



Obxectivo xeral

Reforzar a resiliencia das explotacións gandeiras fronte aos impactos climáticos, favorecendo a súa viabilidade a longo prazo no territorio.

Dúas liñas estratéxicas



1 Promover prácticas de adaptación climática nas explotacións gandeiras: xestión da auga, sombra, ventilación, manexo do gando e benestar animal.



2 Reforzar a capacidade das granxas para facer fronte ao incremento dos custos de produción e aos cambios normativos ligados ao clima.

Que ofrece o proxecto?

1



Formación online

- 12 cursos en total
- 20 horas por curso
- 3 edicións por liña



adaptación climática na xestión gandeira



xestión eficiente da auga e dos recursos



benestar animal e acondicionamento das instalacións



preparación económica e normativa fronte ao cambio climático

2



Asesoramento

5 puntos físicos de asesoramento + servizo virtual



apoio técnico práctico e accesible



mínimo 65 beneficiarios por punto

3



Web virtual

vídeos explicativos, infografías divulgativas, guías prácticas, calendario, inscricións e contacto.

4




Divulgación

mínimo dunha acción divulgativa semanal.



Calendario 2026



Orzamento

20.000 €

orzamento total do proxecto

- Formación online: 13.124 €
- Asesoramento: 4.142,50 €
- Web virtual: 984 €
- Divulgación: 1.749,50 €

